

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6811 Orde AAA/1079/2012, do 22 de maio, pola que se modifica o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que se deben cumprir no proceso de produción das sementes de cereais, de acordo co establecido na Directiva 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño, relativa á comercialización de sementes de cereais.

Esta Directiva 66/402/CEE do Consello, do 14 de xuño, foi modificada pola Directiva de execución 2012/1/UE da Comisión, do 6 de xaneiro de 2012, pola que se modifica o anexo I da Directiva 66/402/CEE do Consello, polo que respecta ás condicións que deberá cumprir o cultivo de <<Oryza sativa>>.

Esta norma incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva de execución 2012/1/UE da Comisión, do 6 de xaneiro de 2012, a través da correspondente modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, do 27 de decembro de 2010, nos seguintes termos:

Un. No anexo 1, substitúese o título da observación cuarta, así como o seu primeiro parágrafo, polo seguinte texto:

«Cuarta. Plantas doutras variedades: nas parcelas de produción de semente de arroz, o número de plantas recoñecibles como manifestamente silvestres ou de gran vermello non excederá:

0 para a produción de sementes de base.

1 por cada 100 m² para a produción de sementes certificadas de primeira e segunda xeración.»

Dous. No anexo 1, o texto da observación sexta substitúese polo seguinte:

«Sexta. Plantas infectadas: considéranse plantas infectadas as atacadas por caruncho («Ustilago spp.») nos campos de produción de semente de trigo, cebada e avea, e por helmintosporiose («Helminthosporium spp.») nos de cebada e arroz, así como por «Piricularia oryzae» no arroz.

No caso do centeo, o número de esclerocios de caruncho («Claviceps purpurea») non poderá ser superior a un por metro cadrado en todas as categorías.

Poderanse aprobar campos con porcentaxes maiores das que figuran no cadro por petición da entidade, sempre que antes da precintaxe da semente esta se tratase con produtos de recoñecida eficacia.

Nos campos de produción de sementes de arroz, o número de plantas recoñecibles como manifestamente infectadas por «Fusarium fujikuroi» non excederá:

2 por cada 200 m² para a produción de sementes de base.

4 por cada 200 m² para a produción de sementes certificadas de primeira xeración.

8 por cada 200 m² para a produción de sementes certificadas de segunda xeración.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2012/1/UE da Comisión, do 6 de xaneiro de 2012, pola que se modifica o anexo I da Directiva 66/402/CEE, do Consello, polo que respecta ás condicións que deberá cumprir o cultivo de «Oryza sativa».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 22 de maio de 2012.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.